

De viaxe!

Cando imos pola autoestrada á velocidade axeitada, vexo coches, furgonetas, camiións e motocicletas, circulando con precaución e na correcta dirección. Vexo tamén carteis vistosos que dan consellos xeitosos, e sinais de prohibición, de perigo, de obrigación... que axudan o condutor a manexar o coche mellor. Transmite seguridade a autoestrada, verdade? Todo isto é unha vantaxe cando imos de viaxe!



1 Relaciona. De que tipo de vía de comunicación se trata?



sendeiro

camiño

estrada

autoestrada

2 Arrodea, na actividade anterior, o lugar por onde circula o protagonista do poema.

3 Risca os que non se mencionan na lectura e completa. Que ve o rapaz?



Ve _____

4 Escribe debaixo de cada sinal o que indica: perigo, prohibición ou obrigación.



5 Fixate no poema e resolve estas cuestións.

• En que palabra acaba o primeiro verso? _____

Copia as letras finais a partir da vogal tónica. _____

• En que palabra acaba o segundo verso? _____

Observa as letras finais a partir da vogal tónica. Son iguais

ca as finais do primeiro verso? _____



6 Observa. En todo o poema, os versos riman de dous en dous, formando pareados. Escribe cada par de palabras que rimen e arrodea as letras repetidas en cada caso.

• _____ ▶ _____ • _____ ▶ _____

• _____ ▶ _____ • _____ ▶ _____

• _____ ▶ _____ • _____ ▶ _____

• _____ ▶ _____ • _____ ▶ _____